

PROTOCOLO DE EMBALAXE PARA PEZAS ARQUEOLÓXICAS.

Estudo e recomendacións de métodos e materiais.

Sara Hidalgo Moldes, sara.hidal.mol@gmail.com 18 de xuño de 2021

OBXECTIVOS

- Afondar no coñecemento sobre os métodos utilizados para embalar e coñecer os materiais máis adecuados para elo.
- Abordar as características e propiedades dos diferentes materiais dispoñibles para a realización de embalaxes.
- Coñecer os diferentes tipos e niveis de embalaxe que se poden realizar, enfocando o seu uso á especialidade de arqueoloxía e distinguindo entre as embalaxes realizadas para pezas sen tratar, como almacenaxe temporal, e entre as destinadas a embalaxe definitiva das pezas xa tratadas.
- Realizar recomendacións sobre un óptimo etiquetado das pezas.
- Expoñer as características que debe cumprir a zona de almacenaxe dos obxectos, sexa en campo (provisional) ou definitiva.

METODOLOXÍAS

- Revisión da bibliografía existente en materia de embalaxes destinadas a pezas arqueolóxicas.
- Busca de diferentes protocolos para a comparación entre eles co fin de atopar puntos comúns.
- Recopilación de artigos, estudos ou publicacións que caractericen os produtos máis utilizados e axeitados para a realización de embalaxes.
- Consulta do temario aportado dende a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, referente á conservación preventiva e ás diferentes alteracións que poden sufrir os materiais que compoñen os bens arqueolóxicos, tanto durante o enterramento como na fase post-escavación.

CONCLUSIÓNS

- En primeiro lugar, conseguiu realizarse a caracterización dos diferentes materiais de embalaxe, elixindo os que se consideran máis axeitados para a protección dos bens arqueolóxicos, xa que existen moitos produtos diferentes no mercado e non todos cumpren cos requisitos para almacenar este tipo de obxectos. Atendendo á natureza dos diferentes materiais dos que están compostos os vestixios, realizouse un repaso dos distintos danos que puideron sufrir durante a fase de enterramento, e que alteracións se poderían producir se non se embalan de xeito adecuado ao seren extraídos.
- En relación á embalaxe definitiva, quizais cabía a posibilidade de estenderse un pouco máis, pero considerouse que sería suficiente describir as diferentes capas de protección para pezas xa tratadas, ao ter caracterizados anteriormente os materiais máis axeitados que podemos atopar no mercado.
- Os últimos dous apartados ("O etiquetado das pezas" e "O almacén"), incluíronse por ter estreita relación co tema a tratar. Un etiquetado adecuado fará que as pezas se detecten moito mellor dentro da súa embalaxe e evitaremos manipularlas en exceso. En referencia ao almacén, decidiuse incluílo por ser onde se depositarán os obxectos (tanto temporal como definitivamente) e, polo tanto, debe ser o máis seguro posible para garantir a integridade da colección.
- Non obstante, cabe destacar que non se viu satisfeito o obxectivo de realizar un "protocolo" propiamente dito, entendido como a definición dunhas pautas pechadas e ben estruturadas que as empresas ou institucións poidan seguir. Pola contra, este traballo acabou englobando unha serie de recomendacións e prácticas levadas a cabo para protexer as pezas, caracterizando os diferentes tipos de embalaxe e produtos dispoñibles no mercado que resultasen máis axeitados para tal fin.

